



DEPARTAMENTO DE CANTO
ESPECIALIDADE CANTO

MATERIA: REPERTORIO

Segundo establece o Decreto 183/2001, do 19 de Xullo, polo que se establece o currículo do Grado superior dos ensinos de música, a materia de Repertorio repartida en catro cursos, estará íntimamente ligada coa de Canto, coincidindo de forma absoluta con esta, nos seus Obxectivos, Contidos e Criterios de Avaliación.

CURSO 1º:

Neste curso prepararanse: unha obra completa de música sacra que inclúa como mínimo un nº de conxunto e un aria, dous actos completos de ópera que inclúa como mínimo un nº de conxunto e un aria, un acto completo de zarzuela que inclúa como mínimo un nº de conxunto e unha romanza ,5 lieder ,5 cancións italianas e 5 cancións españolas.

CURSO 2º:

Neste curso prepararanse: dous óperas completas que inclúa como mínimo dous números de conxunto e dous arias, unha zarzuela completa que inclúa como mínimo dous números de conxunto e dous romanzas, 10 lieder , 5 cancións de concerto e 4 cancións españolas.

CURSO 3º:

Neste curso prepararanse: dous óperas completas que inclúa como mínimo dous números de conxunto e dous arias, unha zarzuela completa que inclúa como mínimo dous números de conxunto e dous romanzas, 1 ciclo completo de lieder máis 4 lieder soltos, 10 cancións de concerto.

CURSO 4º:

Neste curso prepararanse: dúas obra completa de música sacra , que polo menos unha delas inclúa como mínimo dous números de conxunto e dous aria, dous operas completas que inclúan como mínimo dous números de conxunto e dous arias, dous zarzuelas completas que polo menos unha delas inclúa como mínimo un nº de conxunto e unha romanza, 5 cancións en inglés e 10 cancións do repertorio internacional.



DEPARTAMENTO DE CANTO
ESPECIALIDADE CANTO

MATERIA: REPERTORIO

OBXECTIVOS:

- Discernir os diferentes estilos musicais das diferentes épocas e autores
- Profundar en todos os aspectos técnicos e estilísticos
- Desenvolver unha capacidade interpretativa que lle permita abordar o repertorio correspondente
- Controlar as características da propia voz extensión, timbre, flexibilidade, cor e todo tipo de calidades expresivas
- Desenvolver os recursos vocais que lle permitan aplicar os coñecementos da fonética e sintaxes particulares de cada lingua.

CONTIDOS:

- Tratamento vocal diferente en función do estilo e o autor
- Exercicios de articulación, fraseo e afinación
- Traballo das posibilidades expresivas e creativas en relación coa interpretación musical
- Exercicios técnico- vocais e a súa aplicación práctica nas obras a interpretar
- Análise das particularidades lingüísticas e fonéticas aplicadas ás obras a interpretar

TEMPORALIZACIÓN:

Esta materia se impartirá en unha única sesión de 60 minutos semanal.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Executar as obras sempre atendendo ao estilo da época e ao autor
- Demostrar sensibilidade auditiva coa afinación, articulación e fraseo no uso das posibilidades sonoras do instrumento
- Demostrar o dominio na execución de obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais
- Demostrar ter unha cantidade de recursos suficientes como para adaptarse ás esixencias da partitura
- Demostrar a capacidade de cantar pronunciando correctamente, respectando a técnica da impostación da voz sen que un aspecto vaia en detrimento do outro.



DEPARTAMENTO DE CANTO
ESPECIALIDADE CANTO

MATERIA: REPERTORIO

Todos estes criterios de avaliación mediranse mediante os seguintes sistemas e instrumentos:

- a observación da evolución de cada alumno ao longo do curso na execución dos Contidos descritos.
- a demostración, se o profesor considérao oportuno, dun recital público no que se poñan de manifesto os Contidos descritos.

No caso de aqueles alumnos que perdan o dereito a avaliación continua e teñan que someterse a unha avaliación alternativa así como aqueles que non teñan superado a materia na convocatoria de Xuño e se examinen en Setembro, farán un exame coas características citadas no punto 2.